

añmal

asociación galega
de mestres de audición
e linguaxe

AUDICIÓN E LINGUAXE EN EDUCACIÓN INFANTIL



INTRODUCCIÓN

A linguaxe é o **instrumento de comunicación** máis importante que temos os seres humanos e o seu axeitado desenvolvemento é decisivo para a estruturación do pensamento e da acción dos nenos e nenas, para estruturar e regular a súa personalidade, o comportamento e as relacións cos demais.

Pódese dicir que a linguaxe organízase en 3 dimensións, que son:

- **Uso:** a máis importante. Refírese ás diferentes funcións comunicativas que cumpre a linguaxe: expresar sentimentos, realizar peticións...
- **Contido:** relaciónase co vocabulario e coas palabras que se coñecen, comprenden, definen e usan.
- **Forma:** refírese á organización das palabras nunha oración e á pronunciación correcta de todos os sons da nosa lingua.

Nos últimos anos estase a apreciar unha evolución pouco favorable na linguaxe do alumnado cando chega ao colexio, polo que é clave unha adecuada intervención preventiva nesta área para evitar máis dificultades.

Para isto, é preciso ter claro que é o que poden facer os nenos e nenas segundo a súa idade, para poder estar alerta e facer unha adecuada derivación en caso de ser preciso. Por isto, adxuntamos unha **infografía** cos **fitos da linguaxe** máis representativos segundo a idade e un **flipbook** que podeades realizar para mostrar ao resto de mestres e mestras ou enviar ás familias se o estimades adecuado.

Ademais disto, consideramos preciso que os mestres e mestras coñezan en que momento se adquiren normalmente os diferentes fonemas, polo que adxuntamos dous cadros de diferentes autores para ter de referencia.

Por outra banda, o papel da familia é fundamental, polo que trataremos de involucralas neste proceso dotándoas de diferentes pautas e actividades que poidan realizar nas súas casas para estimular a linguaxe dos máis pequenos e pequenas. Para isto, adxuntamos un listado de diferentes **pautas e actividades** coas que podeades facer o voso propio documento personalizado para enviar ás familias ou empregar a **infografía** ou o **tríptico** adxunto.

Esperamos que toda esta información sexa de axuda e útil para o día a día.

Calquera dúbida ou suxerencia estamos á vosa disposición nas seguintes redes:

 AGMAL.INFO@GMAIL.COM

 [AGMAL_INFO](#)

 [AGMAL.INFO](#)

 [AGMAL.ORG](#)

 [AGMAL](#)



FITOS DA LINGUAXE



FITOS DA LINGUAXE



FITOS DA LINGUAXE



asmal
@pilimestraal

Fonte:
@logo_...lover
www.atenciontemprana-atai.es
Táboa desenvolvemento Haizea-Llevant

- Recoñece nomes de persoas, obxectos e partes do corpo.
- Entende palabras opostas (abre-pecha, arriba-abaixo, etc.).
- Segue instrucións sinxelas.
- Responde preguntas sobre "onde" "Con que comes?" "Que pos cando tes frío?".
- Comprende conceptos de tempo simples (noite, mañá, etc.).
- Di o seu nome, levanta os dedos para dicir a súa idade.
- Refírese a si mesmo/a como "eu" en lugar do seu nome.
- Utiliza frases negativas de 2 palabras como "non quero".
- Utiliza frases curtas como "quero máis" ou "quero galletas".
- Combina substantivos e verbos como "mamá, imos". Entende os adxectivos.
- Entende palabras de acción escollendo imaxes dun campo semántico.
- Nomea imaxes e cousas comúns.
- Ten palabras para as persoas, os lugares, as cousas e as accións familiares.
- Fala sobre cousas que non están na mesma habitación.
- Pregunta "Que é iso?", "Onde está...?" e "Por que?".
- Forma algúns plurais agregando -s (libro-libros). Usa o xénero tamén.
- Usa palabras como "en", "dentro" e "debaixo".
- Repite palabras que escoitou nunha conversa.
- Ten un vocabulario entre 450 palabras.
- Utiliza oracións de 2 a 4 palabras.

DE 2 A 3 ANOS

- Entende as palabras para algunhas figuras xeométricas como círculo e cadrado.
- Entende "onte", "verán", "pola mañá", "esta noite", etc.
- Entende concepto "pequeno-grande" ou "igual-diferente".
- Coñece o seu apelido, o nome da rúa na que vive e varias cancións infantís.
- Comeza a obedecer solicitudes como "pon o xoguete debaixo da cadeira".
- Contesta a preguntas sinxelas como "Con quen?" "Que?" "Onde?".
- Usa pronomes como "eu", "ti", "meu", "nós" e "eles".
- Ten un vocabulario de case 1000 palabras.
- Fala con oracións de 5 a 6 palabras.
- Fala o suficientemente claro para que os estraños o entendan.
- Fala sobre o que fai na escola ou na casa dos seus amigos ou sobre o que pasou durante o día.
- Pode contar un conto.
- É capaz de describir obxectos comúns.
- Divírtese coa linguaxe e desfruta cos absurdos verbais.
- Expresa ideas e sentimentos.
- Usa verbos en xerundio.
- Coñece o nome das cores.



DE 3 A 4 ANOS

- Entende as palabras que indican a orde dos sucesos como "primeiro", "despois" e "por último".
- Entende as palabras que indican unha orde cronolóxica "onte", "hoxe" e "mañá".
- Segue ordes máis complicadas como "pon a roupa, cepilla os dentes e colle a mochila".
- Segue instrucións no cole como "nesta páxina, debuxa un círculo ao redor dunha casa".
- Entende a maioría do que se fala na casa e no cole.
- Responde á pregunta "Que dixeches?".
- Usa oracións con máis dun verbo. É posible que cometa erros como "O camión de Mateo está rompido".
- Conta contos curtos.
- É capaz de manter unha conversa.
- Fala de distinta maneira, dependendo do oínte e do lugar.
- Usa o tempo pasado correctamente.
- Ten un vocabulario de case 1500 palabras.
- Identifica figuras xeométricas.
- Pode falar de condicións imaxinarias como "espero" ou "oxalá".
- Lembra parte dunha historia que lle contaron.
- Usa tempo futuro.
- Conta historias máis longas.
- Fai moitas preguntas.

DE 4 A 5 ANOS

- Comprende oracións complexas.
- Ten unha lonxitude de oración de máis de 8 palabras.
- Utiliza frases máis extensas S+V+O+L+T (suxeito+verbo+obxecto+lugar+tempo).
- Ten un vocabulario sobre 2500 palabras.
- Define os obxectos polo seu uso e pode compartir de que están feitos.
- Fai preguntas para obter información sobre cousas ou feitos.
- Distingue man esquerda e dereita en sí mesmo.
- Utiliza oracións complexas como pasivas, condicionais e circunstanciais de tempo, entre outras.
- Utiliza nexos coordinantes e subordinantes.
- Fala con moita claridade, enténdenlle os estraños.
- Fai uso da imaxinación para crear historias e contalas.
- Teoría da Mente moi desenvolta.
- Utiliza o xogo teatral con abundantes diálogos e comentarios.
- Fai trampas no xogo.



DE 5 A 6 ANOS

ADQUISICIÓN DOS FONEMAS

1Cuadro de adquisición fonética-fonológica										
Vocales	2 años	<a>	<o>	<u>	<e>	<i>				
Fonemas del español	3 años	<m>	<n>	<ñ>	<p>	<t>	<k>		<d>	
		<g>	<f>	<s>	<j>	<y>	<ch>	<l>		
	4 años	<r> (ASIP)								
	5 años	<r> (CSIP y CSFP)				<rr>				
Diptongos	3 años	<ia>	<io>	<ie>	<ua>	<ue>				
		<ei>	<au>	<ai>	<ui>					
Grupos consonánticos	4 años	<p>				<bl>				
	5 años	<fl>			<cl>			<gl>		
		 	<fr>	<pr>	<cr>	<gr>	<tr>	<dr>		

SUSANIBAR, DIOSES E HUAMANÍ

EDAD	DESCRIPCIÓN
2 AÑOS - 2 AÑOS 6 MESES	FONEMAS /P/, /T/, /K/, /B/, /M/. ADQUIRIDAS TODAS LAS VOCALES
2 AÑOS 6 MESES - 3 AÑOS	FONEMAS /G/, /N/, /J/, /Ñ/
3 AÑOS - 3 AÑOS 6 MESES	FONEMA /F/, /Y/, /CH/ A LOS 3 AÑOS 6 MESES, APROXIMACIÓN DE LOS DÍFONOS VOCÁLICOS.
3 AÑOS 6 MESES - 4 AÑOS	FONEMAS /L/, /D/, (4 AÑOS ADQUISICIÓN TOTAL DE LOS DÍFONOS VOCÁLICOS)
4 AÑOS - 4 AÑOS 6 MESES	DÍFONOS CONSONÁNTICOS CON /L/ (/PL/, /BL/, /FL/, /CL/, /GL/, /TL/. FONEMA /S/.
4 AÑOS 6 MESES - 5 AÑOS	FONEMA /R/ VIBRANTE SIMPLE
4 AÑOS 6 MESES - 4 AÑOS 9 MESES	DÍFONOS CONSONÁNTICOS CON /R/ (/DR/ ES LA ÚLTIMA)
4 AÑOS 9 MESES - 5 AÑOS	FONEMA /R/ VIBRANTE MÚLTIPLE

BOSCH, JAKOBSON

*ESTAS TABOAS CORRESPONDEN AOS FONEMAS DA LINGUA CASTELÁ

PAUTAS PARA FAMILIAS ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL EN EDUCACIÓN INFANTIL

A linguaxe é o instrumento de comunicación máis importante que temos os seres humanos e o seu axeitado desenvolvemento é decisivo para a estruturación do pensamento e da acción dos nenos e nenas, para estruturar e regular a súa personalidade, o comportamento e as relacións cos demais.

Pódese dicir que a linguaxe organízase en 3 dimensións, que son:

- **Uso:** a máis importante. Refírese ás diferentes funcións comunicativas que cumpre a linguaxe como expresar sentimentos, realizar peticións...
- **Contido:** relaciónase co vocabulario e coas palabras que se coñecen, comprenden, definen e usan.
- **Forma:** refírese á organización das palabras nunha oración e á pronunciación correcta de todos os sons da nosa lingua.

A familia e, particularmente vós, sodes o contexto clave, decisivo e insubstituíble para estimular e desenvolver a linguaxe e a comunicación.

Achéganse a continuación unha serie de **RECOMENDACIÓNS** para cumprir co obxectivo principal de **MELLORAR A COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL DA LINGUAXE** do alumnado:

- Proporcionarlle unha alimentación sólida axeitada para a súa idade, con alimentos que teña que mastigar.
- O chupete e o biberón poden alterar a morfoloxía facendo que sexa máis complexo realizar algúns sons e entorpecen a canle auditiva. O ruído constante que producen ao usalo fan que non perciban ben os sons e non poidan imitar o que escoitan.
- Tratar de **NON** corrixir ou evidenciar as dificultades da linguaxe que o alumnado poida ter, proporcionarlle un modelo axeitado de fala para que o copie.
- Respetar os seus ritmos cando se expresa, sen interromper nin anticipar as súas respostas.
- Non imitar a súa fala infantil, aínda que resulte graciosa, porque con iso soamente prexudicaredes o seu correcto desenvolvemento.
- Utilizar sempre unha linguaxe clara, sen diminutivos nin expresión infantís: o coche é **COCHE** (non run run), o paxaro é **PAXARO** (non pío pío).
- Empregar métodos de corrección indirecta, amosando un modelo axeitado de fala. Por exemplo se o alumnado di: hoxe fai Zol, responderémoslle: Si, hoxe fai sol.
- Reforzar sempre de xeito positivo os progresos acadados con agarimos, apertas, bicos, felicitacións, etc.
- Conversar moito cos vosos fillos e fillas, aproveitando momentos cotiáns e de lecer.
- Falade co/oa neno/a sen berrar, amodo, con frases comprensibles e directas, ben ordenadas.




PAUTAS PARA FAMILIAS ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL EN EDUCACIÓN INFANTIL

- Fomentade que fale con oracións e non con palabras soltas ou xestos. Si non é capaz de facelo, repete correctamente o que quere dicir.
- Escoitade con atención todo o que vos queira contar. Que comunicarse sexa un pracer!
- Ensinade o nome correcto dos obxectos comenzando polos máis familiares.
- Evitade a sobreprotección xa que non deixaredes que se desenvolva a personalidade por completo. Dade autonomía para que se relacione cos demais e participe activamente.
- Realizade diariamente xogos que estimulen a linguaxe oral.

Achéganse agora unha serie de **INSTRUCCIÓNS E XOGOS** que se poden levar a cabo nas viaxes en coche, camiñando pola rúa, durante o almorzo ou na hora do baño:

- Cantar e repetir cancións e reproducir movementos e ritmos.
- Ler contos, facendo preguntas de comprensión a miúdo que avanza a historia: quen?, cando?, onde?, como?, que dixo?, que cres que vai pasar?
- Aproveitar certos momentos do día para adquirir e comprender vocabulario novo: roupa, alimentos, medios de transporte, cores, formas, etc. Por exemplo, cando vas poñer unha lavadora, que che vaia pasando as diferentes prendas, ou cando cociñamos que nos vaian pasando os ingredientes.
- Xogar ás palabras encadeadas: casa - sapo - pota - tapa...
- Preparar receitas en familia, nas que un membro diga as instrucións e o resto teña que cumprilas.
- Inventar e crear historias con xoguetes, peluches e moitos outros obxectos. Xogar ao Simón di: "Simón di... que saltes", "Simón di... que te toques a punta do nariz", etc. (se utilizades o nome do neno ou nena faralle máis graza).
- Xogar ao vexo vexo: con palabras que comezan por un son determinado (S, Z, P...) **IMPORTANTE!!!** As palabras deben comezar por un son non por unha letra.
- Xogar a quen é quen: describindo a membros da familia ou buscando fotografías en internet, revistas ou contos nas que salgan varias persoas ou personaxes.
- Xogar a adiviñar o que estou pensando: mediante preguntas e respostas de si ou non tedes que adiviñar o obxecto, lugar, persoa, comida, etc. que está pensando a outra persoa.
- Facer descrições de obxectos, persoas, lugares.
- Cando fagamos preguntas tentar evitar as de resposta si ou non. Dándolles liberdade para responder. No caso de que lle custe, sempre podemos darlle opcións. Por exemplo: Que queres de merenda? Prefires pera ou mazá?





EVITAR CHUPETE
E/OU BIBERÓN E
FOMENTAR A
ALIMENTACIÓN
DE ALIMENTOS
SÓLIDOS

FACER RECEITAS
OU A COMPRA
NOMEANDO CADA
ALIMENTO QUE
COLLEMOS

EMPREGAR UNHA
LINGUAXE CLARA E
NON ABUSAR DE
ONOMATOPEIAS OU
DIMINUTIVOS

NON INTERROMPER,
ANTICIPAR, IMITAR,
NIN CORRIXIR,
SIMPLEMENTE
REPETIR DANDO O
MODELO AXEITADO

XOGAR ÁS
PALABRAS
ENCADEADAS OU O
VEXO VEXO (CO
SON DA LETRA
"SSSS" NON CO
NOME "ESE")

LER CONTOS E
CANTAR
CANCÍONS

POÑER A
LAVADORA COA
SÚA AXUDA (QUE
NOMEEN A
PRENDA QUE NOS
VAN DANDO)



PAUTAS PARA AS FAMILIAS

RECOMENDACIÓNS para cumprir co obxectivo principal de **MELLORAR A COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL DA LINGUAXE**:

- Tratar de NON corrixir ou evidenciar as dificultades, proporcionarlle un modelo axeitado de fala.
- Respectar os seus ritmos, sen interromper nin anticipar respostas.
- Non imitar a súa fala infantil.
- Utilizar sempre unha linguaxe clara, amodo, con frases directas, sen diminutivos nin expresións infantís: o coche é COCHE (non run run).
- Proporcionarlle unha alimentación sólida axeitada para a súa idade.
- O chupete e o biberón alteran a morfoloxía polo que canto antes o retiremos mellor (antes dos 2 anos).
- Fomentar que fale con oracións e non con palabras soltas ou xestos. Si non é capaz de facelo, repete correctamente o que quere dicir.
- Evitar a sobreprotección xa que non deixaredes que se desenvolva a personalidade por completo. Dade autonomía para que se relacione cos demais e participe activamente.



**SOBRE TODO,
GOZADE, E
ESCOITADE CON
ATENCIÓN TODO O
QUE VOS QUEIRAN
CONTAR.
QUE COMUNICARSE
SEXA UN PRACER!**



@agmal.info



www.agmal.org



agmal.info@gmail.com

Fonte: <https://jesusjarque.com>

**PAUTAS PARA FAMILIAS
ESTIMULACIÓN DA
LINGUAXE ORAL
EN EDUCACIÓN INFANTIL**



INSTRUCCIÓN E XOGOS que se poden levar a cabo nas viaxes en coche, camiñando pola rúa, durante o almorzo ou na hora do baño:

- Cantar e repetir cancións e reproducir movementos e ritmos.
- Ler contos, facendo preguntas de comprensión a miúdo que avanza a historia: quen?, cando?, onde?, como?, que dixo?, que crees que vai pasar?
- Aproveitar certos momentos do día para adquirir e comprender vocabulario novo: roupa, alimentos, medios de transporte, cores, formas, etc. Por exemplo, cando vas poñer unha lavadora, que che vaian pasando as diferentes prendas nomeándolas, ou cando cociñamos que nos vaian pasando os ingredientes.



- Preparar receitas en familia, nas que un membro diga as instrucións e o resto teña que cumprilas.
- Inventar e crear historias con xoguetes, peluches e moitos outros obxectos
- Xogar ao Simón di: "Simón di... que saltes", "Simón di... que te toques a punta do nariz", etc. (se utilizades o nome do neno ou nena faralle máis graza).
- Xogar ao vexo vexo: con palabras que comezan por un son determinado (S, Z, P...) **IMPORTANTE!!!** As palabras deben comezar por un son (sssss) non por unha letra (ese).
- Xogar a quen é quen: describindo a membros da familia ou buscando fotografías en internet, revistas ou contos nas que salgan varias persoas ou personaxes.



- Xogar ás palabras encadeadas: casa - sapo - pota - tapa...
- Xogar a adiviñar o que estou pensando: mediante preguntas e respostas de si ou non, teredes que adiviñar o obxecto, lugar, persoa, comida, etc. que está pensando a outra persoa.
- Facer descricións de obxectos, persoas, lugares.
- Facer preguntas tentando evitar as de resposta si ou non. Dándolles liberdade para responder. No caso de que lle custe sempre podemos darlle opcións. Por exemplo: Que queres de merenda? Prefires pera ou mazá?

